



# Boletín Oficial

---

## Provincia de Ourense



N.º 46 · Mércores, 26 febreiro 2020

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

### SUMARIO

#### ELECCIÓN

Xuntas Electorias de Ourense

Eleccións Autonómicas 2020

Relación de locais e lugares públicos que se reservan  
para a realización de actos de campaña electoral..... 2

#### ELECCIONES

*Juntas Electorales de Ourense*

*Elecciones Autonómicas 2020*

*Relación de locales y lugares públicos que se reservan  
para la realización de actos de campaña electoral..... 10*



## ELECCIÓNES ELECCIONES

### Xuntas Electorais de Ourense Eleccións Autonómicas 2020

#### Xunta Electoral de Zona de Bande

En Bande, a 20 de febreiro de 2020.

Sendo as 11:00 horas, reúnese a Xunta Electoral de Zona do Partido Xudicial de Bande, presidido por dona Caterina González Fernández, coa miña asistencia, a secretaria, estando presentes todos os demais membros que a compoñen.

Por min, secretaria, dáse conta das comunicacións recibidas dos concellos que forman parte deste partido xudicial, referentes ás localizacións para a colocación de carteis e locais e lugares públicos que se reservan para a realización gratuíta de actos de campaña electoral, conforme ao establecido no art. 57 e concordantes da LO 5/85, do 19 de xuño, que son os seguintes:

#### Concello de Bande

Locais oficiais e lugares públicos:

- Salón de actos da casa do concello.
- Praza da Constitución da Vila de Bande.
- Prazas públicas dos distintos núcleos da poboación.

Localización para colocación gratuíta de carteis e, no seu caso, pancartas e carteis colgados a postes ou farois polo sistema de bandeirolas:

- Postes de iluminación público, logo da autorización municipal.
- Paneis colocados polo concello nas rúas Mestre Taibo, Faustino Santalices, Pombal e Lamas Calvelo.

#### Concello de Calvos de Randín

Locais oficiais e lugares públicos:

- Casa consistorial (baixo), situada en Calvos de Randín, todos os días ás 16:00 horas.
- Escolas de Randín, Padroso, Paradela, Pintás, Golpellás, Feás, Vila, Lobás e Castelaus, todos os días ás 18:00 horas.

Localización para colocación gratuíta de carteis:

- En todas as poboacións do concello nos lugares de costume.

#### Concello de Entrimo

Locais oficiais e lugares públicos:

- Casa da Cultura, durante todas as horas do día e todos os días.
- Colexio público Santa María a Real. a partir das 17:00 horas os días lectivos e durante todas as horas do día os sábados, domingos e festivos.
- Parques municipais de Terrachán e Feira Vella, durante todas as horas do día todos os días.

Localización para colocación gratuíta de carteis:

- Non conta con localizacións especialmente dispoñibles e, no seu caso, poderán realizarse nos lugares de costume.

#### Concello de Lobeira

Locais oficiais e lugares públicos:

- O concello non dispón de ningún local.

Localización para colocación gratuíta de carteis:

- Palcos no campo da festa de Parada de Monte.
- Fachadas do teleclub da Canle.
- Paneis situados no Toural (ao lado do centro de saúde e Porta Parque Lobeira).

#### Concello de Lobios

Locais oficiais:

- Salón multiusos situado na estrada de Portugal, nº 31 Lobios, con número prazas dispoñibles, 100, e en horario de luns a domingo de 12:00 a 22:00 horas.
- Polideportivo municipal situado no parque público municipal, s/n Lobios, cunha capacidade de 400 persoas, e en horario de luns a domingo de 12:00 a 22:00 horas.

Localización para colocación gratuíta de carteis e no seu caso pancartas:

- Taboleiros de anuncios nas poboacións do concello, e postes farois e taboleiros de anuncios de Lobios capitalidade.

#### Concello de Muíños

Locais oficiais e lugares públicos:

- Salón de Lecer do Albergue A Rola.
- Antigas escolas de Xermeade, Prado e Barxés.
- Locais sociais de Requiás e Guntumil.

Horario: dende as 18:00 ata as 21:00 horas

Localización para colocación gratuíta de carteis e no seu caso pancartas e bandeirolas:

- En todos os postes e farois de alumado público do termino municipal, así como na contorna das antigas escolas (excluíndo as paredes e carpintería exterior), de Couso, Taboadela, Porqueirós, Barxés, Prado, Xermeade, Parada de Ventosa e campos da feira de Couso e Porqueirós.

#### Concello de Padrenda

Locais oficiais e lugares públicos:

- Praza pública de San Roque de Crespos.
- Praza pública da Notaría.
- Praza pública de Lavandeira.

O uso dos locais públicos está limitado dende as 08:00 horas ás 23:59 horas do día seguinte. De luns a domingo.

Localización para colocación gratuíta de carteis:

- Taboleiros de anuncios situado na rúa San Roque (fronte á casa consistorial), e na rúa A Notaría (praza).

#### Concello de Verea

Locais oficiais e lugares públicos:

- Centro Cultural e xuvenil, situado na praza Manuel Nieto Rivero, cunha capacidade de 120 persoas.
- Praza pública de Cexo, cunha capacidade de 150 persoas.
- Os mencionados locais e as referidas prazas poderán ser utilizados todos os días da semana.

Localización para colocación gratuíta de carteis:

- Taboleiros situados na praza pública de "Manuel Nieto Rivero" de Carballo.
- Postes ou farois de alumado público polo sistema de bandeirolas.

#### Xunta Electoral de Zona do Barco de Valdeorras

Para os efectos do art. 56 e 57.1 da Lei electoral comunico que os concellos deste partido xudicial foron designadas localizacións públicas e locais oficiais para a situación de publicidade electoral estática e actos de campaña electoral para as Eleccións ao Parlamento Galego, que terán lugar o próximo día 5 de abril, sendo estes os seguintes:

#### Concello do Barco de Valdeorras

Carteis:

- Soar da praza do Príncipe, na esquina coa rúa España.
- Paseo Parque do Malecón fronte á praza José Otero.

- Xardín do hospital comarcal na avenida Conde de Fenosa.
- Miradoiro do río Sil, fronte á praza Maior.
- Xardín da rúa Florencio Delgado Gurriaran fronte a café-bar "Parque".

- Valado no patio do colexio Julio Gurriarán fronte á avenida Conde Fenosa.

- Illote da avenida do Bierzo, fronte ao colexio Divina Pastora.
- Valado fronte ao regueiro Cigüeño, na rúa Veiguiña.

Banderolas:

Farois nas seguintes avenidas:

- Avenida do Bierzo; rúa Manuel Quiroga (dende a gasolinera ata a avenida do río Sil); avenida de Portugal, rúa Río Miño, rúa Galir e rúa Río Sil.

Locais:

- Salón do edificio multiusos, nº 2 da praza do Concello.
- Pavillón municipal Vello, nº 3 da rúa España.
- Auditorio do Teatro Lauro Olmo, nº 2 da avenida da Estación, excepto os seguintes días e horas 24/03/2020 de 19:30 a 21:30 horas; 26/03/2020 tarde completa; 27/03/2020 de 21:00 a 22:30 horas; 02/04/2020 tarde completa; 03/04/2020 de 21:00 a 22:30 horas.

Concello de Carballeda de Valdeorras

Carteis:

- Paneis habilitados para o efecto no muro da rúa A Costa de Sobradelo.

- Paneis habilitados para o efecto no cruzamento da estrada de acceso a Casaio coa N-536.

Locais:

- Sala de espera do local destinado a consultorio médico en Casaio.

- Polideportivo municipal en Sobradelo, con horario de 18:00 a 20:00 horas, todos os días de campaña electoral.

Concello de Petín

Carteis:

- Un valado na rúa da Ponte no seu entronque coa praza Doutor Quiroga.

Bandeirolas:

- Báculos da iluminación pública das rúas Puente e Real.

Locais:

- Salón de actos da casa da cultura.

Concello da Rúa de Valdeorras

Carteis:

- Esquina rúa Progreso coa rúa Ourense.

- Esquina rúa Progreso coa rúa Circunvalación.

- Na rúa Campo Grande.

Bandeirolas:

- Báculos da iluminación pública das rúas: Progreso, Campo Grande, San Roque, Circunvalación e avenida Almendralejo.

Locais:

- Sala multiusos (Casa Concello).

- Casa da cultura.

Concello de Rubiá

Carteis:

- Todos os farois de iluminación pública do municipio.

- Muros da fonte de arriba de Biobra.

- Muros de Vilar de Silva.

Locais:

- Salón de actos da casa da cultura de Rubiá.

- Pavillón polideportivo de Rubiá.

- Antiga escola de Biobra.

- Antiga escola de Oulego.

- Centro multiusos de Quereño.

- Todas as prazas públicas do concello.

Concello da Veiga

Carteis, pancartas e carteis colgados a postes ou farois polo sistema de bandeirolas:

- Muros da Igrexa, rotondas e varandas do parque público O Toural .

Locais:

- Sala de conferencias O Toural, rúa Nova 21D, A Veiga.

Concello de Vilamartín de Valdeorras

Carteis:

- Praza José Luis Núñez.

- Inmediacións do centro de saúde.

- Rúa Iryda.

- Novo acceso a Valdegodos.

- Rúa Miguel de Cervantes.

- Valdegodos.

- En todos os núcleos de poboación con paneis situados para tal efecto.

Locais:

- Centro Santa Lucía.

- Prazas públicas.

- Centros sociais.

Xunta Electoral de Zona do Carballiño

O Carballiño a 19 de febreiro de 2020.

Na sala de audiencias dos xulgados do Carballiño no día reúnese a Xunta Electoral de Zona do Partido Xudicial do Carballiño, presidida por dona Vanesa García de Paz, maxistrada do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución núm. 1 do Carballiño, actuando como secretario don José Antonio Romasanta Ageitos, letrado da Administración de Xustiza do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución núm. 1- decano do Carballiño, e estando presentes todos os demais membros que compoñen esta xunta, acórdase o seguinte:

O secretario desta xunta dá conta dos oficios remitidos polos respectivos concellos, comunicando os lugares que cada un deles reservaron para a colocación de propaganda electoral e os reservados para a realización de actos de campaña electoral, sendo os que a continuación se relacionan:

Concello de Beariz

Locais reservados para a realización gratuíta de actos de campaña electoral.

- Centro social de Correa, en horario de 9 a 22 horas.

Lugares para a colocación de propaganda electoral con motivo das vindeiras eleccións:

- En Beariz: Campo da feira de Muradás.

- En Doade: Campo da feira de Doade.

Concello de Boborás

O lugar reservado para a fixación de propaganda electoral con motivo das vindeiras eleccións é:

-O recollido nos paneis situados na aramado do CEIP "Nosa Señora de Xuvencos".

Os lugares públicos que se reservan para a realización gratuíta de actos de campaña electoral neste termo municipal serán:

- O Pavillón municipal de deportes.

- Campo da festa de Feás.

- Campo da Saleta.



- Campo da festa de Moldes.
- Campo da festa de Cameixa.
- Campo da festa de Laxas

Co fin de poder facilitar a apertura do pavillón, rogamos que se nos comunique o seu uso polas distintas agrupacións políticas coa debida antelación chamando ao teléfono do Concello 988 402 008 (fax 988 402 108) en horario de oficina (de 8:00 a 15:00 horas).

#### Concello do Carballiño

Localización para a colocación de carteis propagandísticos da vindeira campaña electoral:

1º En relación á colocación de carteis de papel ou material similar sobre soporte de madeira ou similar, serán colocados en diversos puntos de espazos públicos, tanto no núcleo urbano como nas zonas rurais, puntos suficientes dos que da súa situación terán coñecemento os responsables dos partidos políticos ou agrupacións que participen nestas eleccións. En concreto colocaranse nos seguintes lugares públicos:

- Praza Maior do Carballiño (na parte de abaixo e na parte da rúa Principal).
- Praza Emilia Pardo Bazán.
- No muro que rodea o colexio Calvo Sotelo.
- No muro que rodea o colexio Campo da Feira.
- Na varanda da praza de Abastos.
- No parque infantil da avda. Compostela.
- No cruce da estrada Astureses coa subida á Saleta.

- En todas as parroquias, nos lugares máis visibles, ou no campo da festa ou na praza da Igrexa: Arcos, Banga, Varón (San Fiz), Cabanelas, Santa Uxia de Lobás, Longoseiros, Madarnás, Mesego, Mudelos, Partovia, A Piteira, Ponte Veiga, Sagra, Señorín, Seoane.

Queda prohibida a colocación deste tipo de publicidade fóra dos lugares indicados.

2º En relación á utilización de farois, autorízase nos situados nas rúas 25 de Xullo, Francisco Castelló, estrada de Ribadavia e avda. Compostela.

Queda prohibida a colocación de publicidade nos farois, postes ou similares fóra dos lugares indicados, e expresamente prohibida a colocación de publicidade nos elementos de fundición.

3º En relación á colocación de publicidade como pasarrúas autorízase nas seguintes:

Avda. Julio Rodríguez Soto, Conde Vellellano, Calvo Sotelo, Martínez Avellanosa, rúa Principal (Rosalía de Castro e Tomás M<sup>a</sup> Mosquera), Curros Enríquez e Marcelino Parrondo. Cun máximo dunha pancarta por partido ou agrupación política e rúa.

Queda prohibida a colocación de publicidade fóra dos lugares indicados e expresamente prohibida a colocación no medio rural.

Locais oficiais e lugares públicos reservados para realización gratuíta da campaña electoral:

- Salón de actos da casa da cultura.
- Escola da Piteira, Laborada, Veiga, Madarnás e Banga. Multifuncional-Auditorio Manuel María.

Así mesmo, en caso de vehículos (autobuses, caravanas, etc.) ou casetas con propaganda electoral, deberán solicitar permiso no departamento de servizos públicos e de Policía Municipal deste concello.

#### Concello de Maside

Para a colocación de carteis:

-Para a colocación de carteis, utilizaranse os tableiros que para tal efecto situará este concello ao lado da casa do concello.

Lugares asignados para a realización de actos públicos de propaganda electoral:

-En Maside, a Casa da Cultura, o pavillón municipal e o edificio escolar situado na alameda de Maside e o pavillón municipal, e nas demais poboacións do concello, os locais públicos de prestación social (casas escolas, centros de cultura, etc...)

Como lugares abertos: a praza Maior de Maside e a praza de Santa M<sup>a</sup> de Dacón (á beira da Igrexa).

En relación cos días e horas para actos electorais, que por parte desta Alcaldía, propónse como días todos os da semana, e o horario, será de 10 a 24 horas, debendo de comunicalo con antelación suficiente nas oficinas do concello, para prover o que sexa necesario.

#### Concello do Irixo

Relación de lugares especiais gratuítos para a colocación de carteis e, no seu caso, pancartas e carteis colgados a postes ou farois polo sistema de bandeirolas, os seguintes:

- Muros de peche do Grupo Escolar.
- Muros de peche do campo de fútbol.
- Postes do iluminación pública.
- Locais electorais.

Relación de locais oficiais e lugares públicos de uso gratuíto para a realización dos actos da campaña electoral:

- Praza Maior - A Ponte
- Escola de Dadín - Dadín.
- Escola de Casares de Campo - Casares de Campo.
- Escola de Carballeda - Carballeda.

#### Concello de Piñor

Localizacións para colocación de carteis electorais:

- Praza de Cotelas.
- Praza de Arenteiro.
- Praza de Piñor.

Non se permiten nas marquesiñas de cristal de todo o Concello, nos armarios de cadros da iluminación pública, nos farois de fundición de Piñor, nin nos da praza do Concello e tampouco nos colectores de lixo.

Locais e lugares para a realización de actos de campaña electoral:

- Local: Centro Social Albarona - Piñor.
  - Lugar: Praza de Arenteiro - Piñor.
- Todos os días, de 9:00 a 23:00 horas.

#### Concello de Punxín

Lugares de localización gratuíto dispoñibles para a colocación de propaganda electoral:

- Recinto escola nova de Punxín.

Locais oficiais destinados para a realización de actos de campaña electoral:

- Punxín - local escola nova.
- Vilamoure - Centro social.
- Vilela - casa reitoral.
- Freas - casa da cultura.

#### Concello de San Amaro

Relación de espazos reservados para a colocación de carteis durante a campaña electoral:

Nas catro caras dos muros exteriores dos seguintes edificios de propiedade municipal.

- Antigo edificio escolar de Anllo.
- Antigo edificio escolar de Navio.
- Antigo edificio escolar de Grixoa.
- Antigo edificio escolar de Salamonde.

- Antigo edificio escolar de Eiras.

Así mesmo, poderanse colocar carteis, facilmente desmontables, en todos os postes do tendido eléctrico de propiedade municipal e nas vallas publicitarias habilitadas para o efecto.

Relación de locais para a realización de actos de propaganda durante a campaña electoral:

- Parroquia de Anllo: centro social. Capacidade entre 50 e 60 persoas. Utilizable todos os días habilitados para a campaña electoral, desde as 18.00 ata as 22.00 horas.

- Parroquia de Navio: centro social. Capacidade entre 30 e 40 persoas. Utilizable todos os días habilitados para a campaña electoral, desde as 18.00 ás 22.00 horas.

- Parroquia de Las: centro social. Capacidade entre 50 e 60 persoas. Utilizable todos os días habilitados para a campaña electoral, desde as 18.00 ás 22.00 horas.

- San Amaro (capitalidade): centro de saúde. Capacidade entre 30 e 40 persoas. Utilizable todos os días habilitados para a campaña electoral, desde as 18.00 ata as 22.00 horas.

- Parroquia de Salamonde: centro social. Capacidade entre 50 e 60 persoas. Utilizable todos os días habilitados para a campaña electoral, desde as 18.00 ata as 22.00 horas.

#### Concello de San Cristovo de Cea

Lugares reservados para a colocación gratuíta de carteis de propaganda electoral:

- Campo de deportes do Lodairo, ao longo do seu peche, así como as rúas da capitalidade municipal e demais núcleos do concello.

Locais oficiais para realización de actos de propaganda electoral:

- Local social do campo municipal de deportes do Lodairo, tras petición previa.

Lugares abertos ao uso público para a realización de actos de propaganda electoral:

- A praza maior da Vila de Cea, así como os espazos destinados a campos de festexos de todas as parroquias do Concello.

Datas e horarios:

Data: durante todos os días da campaña electoral.

Horario: De 10:00 a 24:00 horas.

#### Xunta Electoral de Zona de Ourense

Ourense, 18 de febreiro de 2020.

No día da data constituíuse a Xunta Electoral de Zona de Ourense, concorrendo a presidenta, os vogais xudiciais e a súa secretaria.

Dada conta por min, secretaria da recepción das comunicacións dos distintos concellos pertencentes a esta JEZ, nas que se notifica a relación dos seguintes locais oficiais e lugares públicos, que se reservan para a realización gratuíta de actos de campaña electoral:

#### Concello de Allariz

- Salón de actos da casa da cultura.

- Pavillón de deportes do CEIP Padre Feijoo.

#### Concello de Amoeiro

- Casa de cultura de Amoeiro, todos os días e horas.

- Antiga escola de Bóveda, todos os días e horas.

- Antigo grupo escolar de Trasalba, todos os días e horas.

- Antigo grupo escolar de Parada, todos os días e horas.

- Antiga escola de Fontefría, todos os días e horas.

- Antiga escola de Figueiras, todos os días e horas.

- Campo público das Quintás, todos os días e horas.

#### Concello de Baltar

- Casa de cultura de Baltar.

- Teleclub en Baltar.

- Praza do Mercado en Baltar.

- O forno de Garabelos.

- Antigas escolas en Gomariz, San Antonino, Tosende, Meaus, Montecelo e San Martiño.

- Teleclub de Sampaio e da Boulosa.

- Antiga corte do boi en San Paio.

#### Concello de Baños de Molgas

- Pavillón municipal.

- Aula multifuncional do grupo escolar de Baños de Molgas.

#### Concello de Barbadás

- Barbadás: baixo do centro médico.

- A Valenzá: casa de cultura.

- Piñor: escola de Piñor.

- Bentraces: local social de Bentraces.

- Sobrado do Bispo: escola de Sobrado.

- Local social de Parada.

- Local social das Lamas.

#### Concello dos Blancos

- Edificio multiusos.

#### Concello da Bola

- Local social nos baixos da casa consistorial (zona nova), situada en Campo da Veiga, número 4 da Bola.

- Pódense utilizar todos os espazos públicos e ao aire libre.

#### Concello de Cartelle

- Poderán utilizarse os locais, escolas ou centros sociais do concello situados en: Cartelle, Sande, A Seara, Santo Tomé, Sabucedo, Santabaia e Espinoso; moitos deles sedes de asociacións, polo que é imprescindible solicitalos con antelación á realización do acto, co obxecto de que estean dispoñibles. Tamén se poderán utilizar o salón de reunións da planta baixa da casa do concello, en Outomuro, tras solicitude previa. Así como o Auditorio Municipal.

#### Concello de Celanova

Auditorio Municipal "Ilduara" (AMIC) en rúa Cercado, 25 Celanova, con capacidade aproximada para 350 persoas, sendo posible a súa utilización todos os días, tanto laborables como festivos, en horarios de 16:00 a 22:00 horas.

#### Concello de Coles

- Local Social Viveiros (Vilarchao).

- Pavillón deportes Albán.

- Local social de Ribela.

- Local social de Vilar.

- Local social de Sobral.

- Local social de Cambeo.

- Local social de Ferreiros.

- Local social de Meigodevila.

#### Concello de Cortegada

- Salón de actos do concello.

- Locais sociais de Louredo, San Benito, Refoxos e Valongo.

- Polideportivo municipal "Marta Míguez" de Cortegada.

#### Concello de Esgos

- En Esgos: Centro Cultural Parada Justel.



## Concello de Gome sende

- Antiga escola de Gome sende.
- Antiga escola da Guía.
- Antiga escola de Poulo.

## Concello de Maceda

## Locais:

- Salón de actos do edificio multiusos.
- Salón de plenos do Concello.
- Pavillón dos deportes.
- Centro Social de Tioira.
- Centro Social de Xinzo da Costa.
- Centro Social de Vilar.
- Centro Social de Casetas do Rodicio.

## Lugares:

- Prazas das localidades de: Asadur e Tioira e Fonte pública na localidade de Castro de Escuadro.

## Concello da Merca

- Pavillón municipal, de 18:00 a 22:00 horas.

## Concello de Nogueira de Ramuín

- Escola de Penalba - Penalba (parroquia de Viñoás).
- Escola de Carballeira - Vilanova (parroquia de Carballeira).
- Escola de Cerreda - Cerreda (parroquia de Cerreda).
- Escola de Rubiacós - Picornio (parroquia de Santa Cruz).
- Escola de Pombar - Pombar (parroquia de San Estevo).
- Escola de Faramontaos - O Vión (parroquia de Faramontaos).
- Escola de Loña - A Igrexa (parroquia de Loña do Monte).
- Escola de San Miguel do Campo - Penela (parroquia de San Miguel).
- Escola de Armariz - Armariz (parroquia de Armariz).
- Escola de Moura - Cabo de Vila (parroquia de Moura).
- Teleclub de Loureiro - A Rasa (parroquia de Vilar de Cerreda).
- Grupo escolar de Luíntra - Luíntra (parroquia de Luíntra).

En todos os casos requírese a correspondente solicitude feita ao Concello, en prazo suficiente á utilización dos anteriores locais.

## Concello de Ourense

- Centro Cívico A Cuña e centro Cívico A Ponte.
- Asociación de veciños de: A Abeleda, A Chavasqueira, A Follateira, A Granxa, A Ponte, Agarimo, Arranxar, As Burgas, As Eiroás, as Laxas, As Termas, Barbaña, Cabeza de Vaca, Carlasca, Casco Vello, Ceboliño, Centro, Cudeiro, Lonía, Loureiro, Mende, O Castelo, O Castro de Beiro, O Couto, O Polvorín, Olimpo, Os Montes, Os Rosais, Palmés, Peliquín-Catro Camiños, Portovello-as Lagoas, Rabodegalo, Rairo, Reza, Ribeira Miño, San Miguel de Canedo, San Vitorio de Arrabaldo, Santa Ana do Pino, Santa Mariña do Monte, Sta Teresita, Seixalvo, Tras Estación, Untes, Velle, Vilar de Astrés, Virxe da O-Zain, Virxe de Covadonga, Vista Fermosa e Agrupación de asociacións veciñais Miño (Dr. Maraño,6).

## Concello de Paderne de Allariz

- Planta soto da casa consistorial.

## Concello de Parada do Sil

## Locais oficiais:

- Local social de Sacardebois.
- Local social de Guendón.
- Local social de Vilar.
- Salón de plenos do Concello.

## Lugares públicos de uso gratuito:

- Praza do Curtiñeiro.
- Praza campo da feira.
- Praza de Forcas.

## Concello do Pereiro de Aguiar

- Locais sociais de: A Derrasa, Cachamuíña, Tríos, Calvelle, Casmartiño, Vilariño, Loñoá, Tapada de Bouzas e Monterrei.
- Praza do Pereiro de Aguiar.
- Horario: de 19:00 a 21:00 horas.

## Concello da Peroxa

- Edificio multiusos da Peroxa (situado na praza do Concello da Peroxa).

## Concello de Pontedeva

- Antiga escola de Freáns (Pontedeva).
- Antiga escola da Veiga (Pontedeva).

## Concello de Porqueira

- Salón de actos do Concello.

## Concello de Quintela de Leirado

- Centro social de Leirado.

## Concello de Rairiz de Veiga

- Rairiz de Veiga: praza do Concello.
- Lampaza: eira da festa.
- Guillamil: antiga escola.
- Orbes: antiga escola e praza situada fronte a ela.
- Congostro: antiga escola.

## Concello de Ramirás

- Centro Social de Vilavidal (antiga cámara agraria).
- Centro Cultural e Xuvenil do Picouto.
- Centro Cívico Social de Casardeita.
- Centro Cívico Social de Calvos.

## Concello de San Cibrao das Viñas

- San Cibrao de Viñas: praza da Constitución.
- Soutopenedo: campo da festa.
- Currás: campo da festa.
- Rante: praza pública.
- Reboredo: praza pública a carón da capela de Reboredo.
- Santa Cruz: praza pública.
- Pazos de San Clodio: praza pública.

## Concello de Sandiás

- Casa da Cultura de Sandiás.
- Forno do Couso.
- Local da antiga escola de Vilariño das Poldras.
- Local da antiga escola de Piñeira.
- Local da antiga escola de Cardeita.
- Local da antiga escola da Corga.
- Pista deportiva cuberta de Sandiás (fóra de horario escolar).

## Concello de Sarreaus

- Local social de Sarreaus.
- Antiga escola de Nocelo.
- Antiga escola de Lodoselo.
- Antiga escola de Cortegada.
- Antiga escola de Pazos.

- Antiga escola de Codosedo.
- Praza da Ermida en Sarreaus.
- Salón de actos do Concello.

#### Concello de Taboadela

- Escola de Lama de Prado.
- Praza do Concello.

#### Concello de Toén

- Local social de Toén (antiga escola).
- Local social de Alongos (antiga escola).
- Local social de Puga (antiga escola).
- Local social de Mugares (antiga escola).
- Casa da cultura de Moreiras.

#### Concello de Vilamarín

- Auditorio na casa do Concello (Vilamarín).
- Antiga escola de Pazos de Monte.
- Antiga escola de A Raña.
- Praza pública de Vilamarín.
- Campo da feira de Bouzas.

#### Concello de Vilar de Barrio

- Salón de actos (edificio Biblioteca) en Vilar de Barrio.
- Praza do Toural.

#### Concello de Vilar de Santos

- Salón multiusos (casa do Concello).
- Centros sociais de: Laioso, Parada, Castelaus e Casas da Veiga.

#### Concello de Xinzo de Limia

- Antigas escolas de: Ganade, Lamas, Laroá e Parada de Ribeira.
- Locais sociais de Baronzás, Boado, Morgade, Pena, Piñeira Seca, Rebordechá, Trandeiras, San Pedro de Laroá, Seoane, Faramontaos, San Vitoiro, Mosteiro de Ribeira, Moreiras, Guntimil, Fiestras, Novas e Solveira.
- Sala de actos da Casa da Cultura.

#### Concello de Xunqueira de Ambía

- Pavillón de deportes de Xunqueira de Ambía.
- Escolas vellas de Xunqueira de Ambía.

#### Concello de Xunqueira de Espadañedo

- Locais situados na casa do concello (Praza dos Amigos, s/n).

#### Xunta Electoral de Zona da Pobra de Trives

En cumprimento do disposto no art. 57.1 e 2 da LO 5/85 de 19 de xuño de réxime electoral xeral, comunico a relación de locais oficiais e lugares públicos reservados polos concellos que se relacionan a continuación, para a realización de actos de campaña electoral, así como as localizacións dispoñibles para a colocación gratuíta de propaganda electoral:

#### Concello do Bolo

Lugares para fixación de carteis:

Fachada das antigas escolas de:

- O Seixo, 50 m<sup>2</sup>
- Outar de Pregos, 60 m<sup>2</sup>
- Cambela, 66 m<sup>2</sup>
- Tuxe, 30 m<sup>2</sup>
- Chao das Donas, 50 m<sup>2</sup>

Os refuxios de todos os núcleos do concello.

Lugares para actos públicos:

- Polideportivo municipal situado en rúa César Conti, nº 4 do Bolo.

#### Concello de Castro Caldelas

Lugares para fixación de carteis:

- Muro da praza do Prado ou, no seu caso, os paneis que diante deste se fixen.

Lugares para actos públicos:

- Salón de actos do Castelo.
- Salón de actos da casa do concello.

#### Concello de Chandrexa de Queixa

Lugares para fixación de carteis:

- Muro situado en Rabal, na estrada que une o alto de Valisco e Rabal.

- Muros situados a ambos os dous lados da estrada que une Celeiros e Paradaseca, excepto 50 metros existentes a ambos os dous lados da casa do concello.

Lugares para actos públicos:

- Local social de Rabal.
- Casa de la Cultura de Celeiros.

#### Concello de Larouco

Lugares para a fixación de carteis:

- Os farois de todo o termo municipal.

Lugares para actos públicos:

- O baixo do centro cultural de Larouco, dispoñible as 24 horas do día.

#### Concello de Manzaneda

Lugares para fixación de carteis:

- Muro existente á beira da praza do Concello da localidade duns 150 m<sup>2</sup>.

- Muro de pechadura do parque público O Penso en San Miguel, duns 160 m<sup>2</sup>.

Lugares para actos públicos:

- Praza do Concello dispoñible as 24 horas do día.

#### Concello de Montederramo

Lugares para fixación de carteis:

- Os apoios dos farois da iluminación pública existentes por todo o concello mediante o sistema de bandeirolas onde irán colgados os carteis e pancartas das formacións políticas participantes nos comicios.

Lugares para actos públicos:

- Local social situado na praza de Montederramo, nº 2, baixo.
- Salón de sesións situado na casa consistorial, situada na Praza, nº 28, baixo.

#### Concello da Pobra de Trives

Lugares para fixación de carteis:

- Rúa San Martiño: panel de 20 metros lineais.

- Farois de iluminación pública.

- Voo sobre vías públicas para a colocación de pancartas.

Lugares para actos públicos:

- Casa da Cultura - Auditorio Julio Vázquez, todos os días da semana, con horario de 09:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 23:00 horas.

#### Concello de San Xoán de Río

Lugares para fixación de carteis:

- Praza do Concello: panel de 10 metros.



- Praza de Pedro Fernández Fernández: panel de 5 metros.
  - Faroís de iluminación pública.
  - Voo sobre as vías públicas para a colocación de pancartas.
- Lugares para actos públicos:
- Centro social. Todos os días da semana en horario de 17:00 a 20:00 horas.

#### Concello da Teixeira

##### Lugares para fixación de carteis:

- Os diferentes faroís situados no termo municipal-báculos de iluminación pública.

##### Lugares para actos públicos:

- Local social do concello.

#### Concello de Viana do Bolo

##### Lugares para a fixación de carteis:

- Muros exteriores do campo de fútbol.
- Muros exteriores do colexio Bibei.
- Muros exteriores do recinto feiral.

##### Lugares para actos públicos:

- Salón de actos da Casa da Cultura.

#### Concello de Vilariño de Conso

##### Lugares para a fixación de carteis:

- Muros das leiras rústicas da praza da Vila.

##### Lugares para actos públicos:

- "Sala del Hospitalillo", situado na Faceira de Vilariño, dispoñible a calquera hora do día.

#### Xunta Electoral de Zona de Ribadavia

Ribadavia, 19 de febreiro de 2020

Sendo a hora sinalada, constitúense na sala de audiencia do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 1 de Ribadavia, a presidenta, dona Gloria Corral de Burgos, e os vogais xudiciais nomeados pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, don Pedro Fernández Hermida e dona María Ángeles González Gómez; e os vogais non xudiciais dona María Natalia González Fidalgo e dona María José Portal Feijoo Francisco, así como a secretaria da dita xunta Patricia Vázquez Álvarez.

Acto seguido, acórdase poñer en coñecemento da Xunta Electoral Provincial de Ourense os locais oficiais e lugares públicos que se reservan para a realización gratuíta dos actos de campaña electoral en cada un dos concellos, tal e como dispón o artigo 57.1 de la LOREG.

#### Concello da Arnoia

- Local baixo da antiga escola de Pumar.
- Local baixo antiga escola de Laixa.
- Pavillón polideportivo municipal.
- Salón de actos da Cooperativa.

#### Concello de Avión

##### Palcos de música de:

- Santo Estevo.
- Amiudal.
- Abelenda.
- Liñares.
- Barroso (no espazo da festa).
- Avión (no campo da feira).

#### Concello de Beade

Praza de España, sendo a súa utilización todos os días de campaña, a partir das 20:00 horas.

#### Concello de Carballeda de Avia

Os locais e prazas públicas deste concello.

#### Concello de Castrelo de Miño

- Salón de actos do Albergue Parque Náutico, con terreo contiguo, situado no lugar de Cortiñas e campo de deportes situado no lugar de Barral. Horario de uso: calquera día e hora.

- Edificio Centro Sociocomunitario de Macendo situado en Tallón. Campo da festa, con palco de música no centro, cuberto, duns 800 metros cadrados, situado en Tallón, na parroquia de Macendo. Horario de uso: calquera día e hora.

- Salón de actos da Casa do Concello situada na Avda. do Concello, 18. Horario e uso: calquera día e hora.

#### Concello de Cenlle

- Parroquia de Vilar de Rei, edificio escolar (capacidade entre 40 e 60 persoas).

- Parroquia de Cenlle, Biblioteca municipal (capacidade entre 30 e 50 persoas).

#### Concello de Melón

- Centro cultural de Melón.

- Centro cultural de Barcia.

#### Concello de Leiro

- Centro cívico de Leiro, situado na rúa Leiro Pequeno.

- Antigas escolas unitarias do concello situadas en Berán (Carreiras), Paredes, Nogueira, Corneira e Orega. Horario de uso: calquera día e hora.

- Lugares abertos ao público: campo de fútbol de Leiro, terreos do cámping; praza do Cruceiro en Leiro e campo da feira en Leiro.

#### Concello de Ribadavia

- Auditorio do Castelo, con bancada para 700 persoas, que pode ser utilizado discrecionalmente.

- Pavillón polideportivo, que dispón de bancada para 500 persoas e pode ser utilizado todos os días da semana, agás os sábados e domingos.

- Auditorio da casa da cultura, cunha capacidade para 350 persoas.

- Centro social de Francelos cunha capacidade para 100 persoas.

- Centro social de San Cristovo cunha capacidade para 100 persoas.

- Centro social de San Paio cunha capacidade para 100 persoas.

#### Xunta Electoral de Zona de Verín

Verín, 20 de febreiro de 2020.

Na sala de audiencias dos Xulgados de Verín, no día da data e sendo as 10:00 horas, reúnese a Xunta Electoral de zona do Partido Xudicial de Verín.

O secretario, letrado da Administración de Xustiza, desta xunta dá conta dos oficios remitidos polos respectivos concellos comunicando os locais oficiais e lugares públicos que cada un deles reservou para a realización de actos de campaña electoral, así como os lugares para a colocación de carteis e pancartas, con motivo das Eleccións Autonómicas, sendo os que a continuación se relacionan:

#### Concello de Laza

Relación de locais reservados para a realización gratuíta de actos de campaña electoral:



Locais oficiais: salón cultural do Concello, situado nos baixos da Casa Consistorial (Rúa Castiñeiro, 4, 32620, Laza).

Lugares públicos: Praza da Picota (Laza).

Relación de lugares especiais gratuítos para a colocación de carteis:

-Cerramento perimetral do CEIP (colexio) de Laza.

A retirada dos carteis compete exclusivamente ás organizacións políticas anunciadas, que deberán retiralos nun prazo non superior a dez días naturais dende a data fixada para as votacións.

Concello de Vilardevós

Relación de locais oficiais e lugares públicos para a realización gratuíta de actos de campaña electoral:

-Salón de actos da Casa de Cultura de Vilardevós así como os lugares abertos ao uso público para o devandito fin como son a praza do Cruceiro e a avenida Silvio Santiago.

Localizacións dispoñibles neste concello para a colocación gratuíta de carteis, e no seu caso de pancartas e bandeirolas:

-Nas rúas Xacinto Santiago e a avenida Silvio Santiago da dita localidade de Vilardevós.

Concello de Verín

Locais oficiais:

-Salón de actos da Casa da Cultura de Verín.

De luns a xoves, das 16:00 ás 21:30 horas.

Venres, sábado e domingo, das 9:00 ás 15:00 horas.

Fianza para ingresar na Depositaria do Concello, con anterioridade ao acto: 150,25 euros.

Lugares públicos:

-Praza da Merced, calquera día da semana.

-Praza García Barbón, calquera día da semana.

Relación de lugares especiais gratuítos para a colocación de carteis e, no seu caso, pancartas e carteis colgados a postes e faroís, polo sistema chamado de bandeirolas, as seguintes:

-Praza do Concello.

-Praza de García Barbón

- Estrada de Castilla (entrada a Verín)

-Báculos de iluminación pública para a instalación de pancartas e carteis polo sistema de bandeirolas.

Situación e número:

Avenida de Portugal:

- Fronte á Casa da cultura e Casa Consistorial, 3

- Colexio Amor de Díos a bar Sufitel, 7.

- Instituto á rúa Río Tamega, 7

- Rúa Río Tamega ao final de Queizás, 45.

Estrada N-525 (dirección Ourense):

- Ponte Río Tamega, 6

- Ermida de san Lázaro, 1

- San Lázaro a gasoleira, 6

- Gasoleira a Pazos (bar Pechín), 11

- Pazos - cruce Polígono, 8

- Cruce Polígono - cruce Parador, 14

Estrada A Pousa, 11

Estrada Rosalía de Castro, 14

Rúa Deputación, 4

Rúa José Santamarina, 3

Estrada de Cabreiroa, 6

Rúa Canella Cega, 10

Rúa San Antón, 12

Rúa Constitución, 2

Estrada de Vilela:

- Rúa Muralla - Mobles Fernández, 20

- Mobles Fernández - Cruce Pousa, 18

- Cruce Pousa - San Miguel, 17

Estrada de Laza:

- Colexio Amaro Refojo, 1

- Rúa Travesía de Sosas, 1

- Cruce Calle Rosalía de Castro - Cruce A Rasela, 12

- 1º cruce A Rasela - 2º cruce A Rasela, 3

- 2º cruce A Rasela - final Asilo, 12

- Final Asilo - Cruce estrada de Campos, 14

- Caldeleñas, 6

- Balneario de Sosas - Abedes, 26

Estrada de Castilla:

- Cruz Roja, 1

- Cruz Roja - Restaurante San Luis, 24

- Restaurante San Luis - Repostos Salgado, 12

- Repostos Salgado a cruce de Sosas, 2

- Cruce de Sosas a cruce de Laza, 3

A retirada dos carteis e bandeirolas colocados nos báculos da iluminación pública compete exclusivamente ás organizacións políticas anunciadas, que retirarán as bandeirolas nun prazo non superior a dez días naturais dende a data fixada para as votacións.

Concello de Monterrei

Relación de lugares para a colocación de carteis de propaganda electoral:

- Campo da Festa de Albarellos, Medeiros, Caridad e Flariz.

- Rúa do Campo, en Villaza.

- Praza Cruceiro, na Salgueira.

- Praza do Cruceiro, na Magdalena.

- En San Cristobal, barrio das escolas.

- En Medeiros, Praza do Villalón.

- En Sandín, praza de San Amaro.

- En Guimarei, praza Aira.

- En Mixos, Campo do Teleclub

- Campo da festa, en Infesta.

- Campo do teleclub, en Mixos

- En Vences, praza do Pobo.

- En Estevesiños, xunto ao Teleclub.

- Na Pousa, cruce da estrada de Monterrei.

Prohíbese expresamente a colocación de propaganda electoral no mobiliario urbano e especialmente nos depósitos de lixo.

Locais oficiais:

- En Medeiros, teleclub

- En Mixos, celeclub

- En Estevesiños, teleclub

- Escolas en San Cristovo, Madalena e Sandín.

- En Vilaza, casa de cultura.

- En Flariz, centro social,

- En Salgueira, centro social,

- En Albarellos, casa de cultura.

- Local social, na Pousa.

- Fornos en Guimarei e Infesta

Poderán ser utilizados dende las 09:00 horas ata as 00:00 horas (12 da noite)

Lugares públicos:

En Albarellos, campo do Souto.



En Vilaza, Alameda e Rúa do Campo  
En Medeiros, praza da Festa  
E nas restantes localidades do concello, e as súas respectivas prazas públicas.

#### Concello de Cualedro

##### Locais oficiais:

- Cualedro: Centro de Interpretación dos Castros.
- Xironda: centro social.
- Montes: centro social.

##### Localizacións para a colocación de carteis:

Cualedro, O Muro da Alameda do Cruceiro e o muro do Toural.  
Xironda, praza da Picota.  
Montes, praza onde esta situada a Escola.  
No resto de aldeas colocaranse nas prazas públicas  
Absterse de colocación nos contedores de lixo.

Os actos públicos realizaranse no salón de actos da Casa da Cultura en Cualedro.

#### Concello de Oímbra

Locais oficiais e lugares públicos de uso gratuito para a realización de actos de campaña electoral, que poden ser utilizados en calquera día e hora da campaña electoral:

- Centro Social de Casas dos Montes.
- Teleclub de Rabal.
- Teleclub de San Cibrao.
- Centro social de Videferre.
- Praza da igrexa en Oímbra.
- Centro Social de Bouses.
- Centro Social de Espiño.

Localizacións dispoñibles para a colocación gratuita de carteis de propaganda electoral:

- 30 farois de alumeadado público propiedade do concello, situados na rúa principal da poboación de Oímbra, na marxe dereita desta rúa que cruza a poboación, no sentido Oímbra-Videferre e que se trata dunha estrada provincial.

Así mesmo, o Concello fai constar:

Que os farois poden soportar pouca carga, polo tanto, os carteis deben poñerse en soportes que non teñan demasiado peso.

Que ao remate da campaña electoral, os partidos están obrigados a retirar a propaganda electoral dos farois, tanto o propio cartel como os mecanismos empregados para a súa colocación, posto que outros anos quedaron bridas que supuñan un perigo público para as persoas que circulaban polas beirarrúas.

#### Concello de Castrelo do Val

Relación de locais reservados para a realización gratuita de actos de campaña electoral:

- Centros sociais de: Piornedo, Vilar, Servoi, Pepín, Nocedo do Val, Portocamba, Gondulfes, Fontefría, Campobeceros, Monteveloso, Veiga de Nostre, Sanguñedo, Rivas.
- Centro multiusos O Terrón en Castrelo do Val.

A colocación de carteis electorais realizarase nos paneis publicitarios electorais de 2,4 m x 1,20 m indicados para o efecto, quedando totalmente prohibido facelo noutros lugares públicos así como no mobiliario urbano.

- Castrelo do Val: 2 paneis por cada partido que se presente.
- Nocedo do Val: 2 paneis por cada partido que se presente.
- Resto de pobos do municipio: 1 panel para todos os partidos que se presenten.

#### Concello de Riós

Relación de locais reservados para a realización gratuita de actos de campaña electoral:

- Salón de actos culturais, situado no local multiusos (estrada de Ventas a Vilardevos) - Riós.
- Praza Xosé Antón - Riós.

Localizacións dispoñibles para a colocación de carteis, son os que a continuación se relacionan:

- Farois de titularidade municipal.

#### Concello de Trasmiras

Locais para a realización de actos de campaña electoral:

- Trasmiras: Casa da cultura.
- Viladerrei: local social.
- Abavides: local social.
- Vilaseca: casa escola.
- Escornabois: local social.

Horario: de 09:00 a 14:00 horas e de 20:00 a 24:00 horas.

Os lugares abertos carecen de valados polo que a colocación de propaganda de cada partido ou coalición deberá realizarse polos seus propios medios.

Lugares o aire libre para colocación de carteis:

- Trasmiras: praza do Concello.
- Abavides: parque público Campo da Festa
- Escornabois: campo O Outeiro
- Vilaseca: parque público o lado da escola.
- Viladerrei: parque público.

#### Concello de A Gudiña

Como locais oficiais para a realización gratuita de actos de campaña electoral, designanse os propios colexios electorais, situados en San Lourenzo (antiga escola unitaria), O Cañizo (antiga escola unitaria) e A Gudiña (edificio multiusos).

Espazos dedicados á colocación de carteis de propaganda electoral:

- Os mastros dos farois da iluminación publica municipal.

#### Concello da Mezquita

Locais oficiais destinados para a realización gratuita de actos de campaña electoral:

Edificio multiusos e as casas de cultura existentes nas distintas poboacións do concello.

Localizacións destinados por este concello para a colocación gratuita de carteis e, no seu caso, pancartas e bandeirolas:

- Os muros de peche do campo de fútbol e do mercado de gando.

## **Juntas Electorales de Ourense Elecciones Autonómicas 2020**

### *Junta Electoral de Zona de Bande*

*En Bande, a veinte de febrero de dos mil veinte.*

*Siendo las 13:00 horas, se reúne la Junta Electoral de Zona del Partido Judicial de Bande, presidido por D.ª Caterina González Fernández, con mi asistencia, la Secretaria, estando presentes todos los demás miembros que componen la misma.*

*Por mí, Secretaria, se da cuenta de las comunicaciones recibidas de los Ayuntamientos que forman parte de este partido judicial, referentes a los emplazamientos para la colocación de*

carteles y locales y lugares públicos que se reservan para la realización gratuita de actos de campaña electoral, conforme a lo establecido en el art. 57 y concordantes de la LO 5/85, de 19 de junio, que son los siguientes:

#### Ayuntamiento de Bande

Locales oficiales y lugares públicos:

- Salón de Actos Casa del Ayuntamiento.
- Plaza da Constitución de la villa de Bande.
- Plazas públicas de los distintos núcleos de la población.

Emplazamiento para colocación gratuita de carteles y en su caso pancartas y carteles colgados a postes o faroles por el sistema de banderolas:

- Postes de alumbrado público, previa autorización municipal.

- Paneles colocados por el ayuntamiento en las calles Mestre Taibo, Faustino Santalices, Pombal y Lamas Calvelo.

#### Ayuntamiento de Calvos de Randín

Locales oficiales y lugares públicos:

- Casa Consistorial (bajo), sita en Calvos de Randín, todos los días a las 16:00 horas.

- Escuelas de Randín, Padroso, Paradela, Pintás, Golpellás, Feás, Vila, Lobás y Castelaus, todos los días a las 18:00 horas.

Emplazamiento para colocación gratuita de carteles:

- En todos los pueblos del municipio en lugares de costumbre.

#### Ayuntamiento de Entrimo

Locales oficiales y lugares públicos:

- Casa de la Cultura, durante todas las horas del día y todos los días.

- Colegio Público "Santa María A Real" a partir de las 17:00 horas los días lectivos y durante todas las horas del día los sábados, domingos y festivos.

- Parques municipales de Terrachán y Feira Vella, durante todas las horas del día y todos los días.

Emplazamiento para colocación gratuita de carteles:

- No cuenta con emplazamientos especialmente disponibles y, en todo caso, podrá realizarse en los lugares de costumbre.

#### Ayuntamiento de Lobeira

Locales oficiales y lugares públicos:

- El Ayuntamiento no dispone de ningún local.

Emplazamiento para colocación gratuita de carteles:

- Palcos en el campo de la fiesta de Parada de Monte.

- Fachadas del teleclub de A Canle.

- Paneles situados en Toural (al lado del Centro de Salud y Puerta Parque Lobeira).

#### Ayuntamiento de Lobios

Locales oficiales:

- Salón multiusos sito en la carretera de Portugal nº 31 Lobios, con un número de plazas disponibles, 100 y en horario de lunes a domingo de 12:00 a 22:00 horas.

